



ABRIL

L	M	MC	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			



XLIV



EXALTACIÓN



DOVIÑO DA

ULLA

SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA



11 E 12
ABRIL
2026

www.festadovinodaulla.com



RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e solicita que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.

HORARIO DE ATENCIÓN:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

SABÍAS QUE...

■ No mes de abril chegará a todas as casas unha carta recordando as obrigas das persoas propietarias de parcelas incluídas nas faixas de xestión de biomasa que marca a Lei de incendios, nela encontrarás información sobre as distancias para a retirada de especies e para realizar as limpezas. O 31 de maio remata o prazo para realizar estes traballos e poder previr os incendios na época del alto risco.

OBRIGAS PARA A XESTIÓN DE BIOMASA LEI 3/2007 DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS



XESTIÓN DE BIOMASA

ANTES DO 31 DE MAIO DE CADA ANO
DEBE LIMPARSE

UNHA FRANXA DE 50 METROS ARREDOR DE:

SOLO URBANO, SOLO DE NÚCLEO, VIVENDAS ILLADAS,
URBANIZACIÓNS, PARQUES E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS E
DEPÓSITOS DE LIXO



RETIRADA DE ESPECIES

A MENOS DE 50 METROS DAS ZONAS ANTERIORES
NON PODERÁ HABER:

EUCALIPTOS, PIÑEIRO, ACACIAS E MIMOSAS



Concello
de Vedra



ASÍ FOI MUNICIPAL



Plantación conmemorativa en recordo a Jesús Barral, dentro da Programación das XXX Xornadas da Camelia.



Excursión a Salceda de Caselas nas XXX Xornadas Arredor da Camelia 2026.



Actuación da Asociación Cultural Silandeira dentro da programación das XXX Xornadas da Camelia.



Acción solidaria: Nas mans da avoa doa 500 € á Fundación Andrea.



Acto de irmandade co Concello de Salceda de Caselas nas súas XVII Xornadas da Camelia.



Vedra presente na X Exposición da Camelia e do Bonsai no Concello de Padrón.



Vedra presente no Encontro Cultura e Concellos do Consello da Cultura Galega.



Proxección do Documental 360 Curvas no Centro Sociocultural de Vedra.



Acción Formativa do Voluntariado Interxeracional.



Excursión a Portugal da Terceira Idade de Vedra.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Duatlón de Vedra 2026. Máis de 70 equipos e centos de deportistas participan desta proba de primeiro nivel autonómico, que reafirma ao Club Olímpico de Vedra como referente nesta disciplina.



Saque de honra da Familia Mosqueiro organizado polo Club San Mamede.



Presentación da XLIV Exaltación do Viño da Ulla organizado pola Comisión de Festexos "Festa do viño 2026".



Laconada coa Comisión de Festexos de San Pedro de Sarandón.



XXI Mostra de Teatro Amador de Vedra TEATROFILIA 2026 da Asociación Cultural Papaventos.



EN ABRIL... NAS ILLAS SEYCHELLES CON MANUEL RODRÍGUEZ MUÑIZ

■ **Protagonista:** Manuel Rodríguez Muñiz, San Mamede de Ribadulla.

Destino: Illa de Mahé, Seychelles


Partida: Ano 2011.

Obxectivo ou motivo da partida:

Saíu da casa no ano 1982, con 17 anos, para ingresar na Brigada Paracaidista, onde permaneceu cinco anos. Despois de licenciarse, quedouse a vivir en Alcalá de Henares e comezou a traballar na seguridade privada, actividade á que se adicou sempre. Traballou de vixiante e de escolta privado ata o ano 2000. Nese ano, trasladouse ao País Vasco para traballar como escolta privado, protexendo a políticos, xornalistas e xuíces contra a ameaza de ETA. Estivo destinado en Guipúscoa ata o ano 2004.

Ese ano, deixou o País Vasco e foise a traballar con Pullmantur, nos seus barcos de cruceiro, onde estivo ata o ano 2006. En dous anos e medio, traballou nun roteiro por Europa, outro no Caribe e tamén no Brasil, onde permaneceu dous anos.

Regresou a España a finais de 2006 e volveu traballar no País Vasco, esta vez en Bilbao. No ano 2008, deixou o País Vasco e volveu a Galicia, coa intención de asentarse definitivamente na miña terra. En outubro de 2009, sucedeu o secuestro do buque atunero Alakrana, en augas do océano Índico e, a finais dese ano, o Goberno autorizou que unha empresa de seguridade privada dese protección aos buques atuneros da frota española no océano Índico. Como tiña o perfil requirido e, ademais, sempre se dedicara á seguridade, presentou o seu currículo á empresa que prestaba o servizo de protección á frota.



En abril de 2011, volvía a embarcar, pero desta vez, foi nun atunero, non nun barco de cruceiro. E así estivo ata o ano 2015, momento no que a empresa lle ofreceu a oportunidade de quedarse en terra, concretamente na Illa de Mahé, nas Seychelles, como inspector de seguridade, traballo que desempeña desde entón. É o intermediario entre a súa empresa, as autoridades locais, os barcos da frota e o persoal da empresa. Agora vive alí desde fai case 11 anos. Casou cunha seychelense, que adora Vedra e tamén Galicia e están construíndo unha casa en Neira coa intención de volver á terra.

Reflexión: “ Din que un é de onde pace, non de onde nace, pero eu non estou consonte iso. Teño 61 anos e en todo este tempo, só vivín en Galicia 19 anos. Malia que podería sentirme de calquera sitio antes que vedrés, por todo o tempo que vivín fóra, sigo sendo como ese neno que se criou en Santo Gregorio, que xogou ao fútbol no San Mamede e que se percorreu todas as romarías do concello cos seus amigos de Sarandón, de Santa Cruz, de Merín, de Socastro e cos que pasaba as tardes do verán bañándose no areal do río

Ulla. É por todo isto polo que sinto-me vedrés, ata a medula. Sempre levei a gala ser de aldea e nacer en Vedra, cando cumprín 40 anos, regaleime unha tatuaxe que me fixen no Brasil. A tatuaxe é o escudo do concello de Vedra e está gravado no meu peito”.

Anécdota: “Ten que ver coa miña tatuaxe do escudo do concello. Cando me fixen esa tatuaxe, había un tripulante hondureño co que tiña boa relación e co que adoitaba ir á praia cando as quendas de descanso permitíano. Este tripulante viume a tatuaxe, recentemente feito, e gustoulle. Preguntoume cal era o seu significado e onde mo fixo. Anos despois de deixar de traballar no Brasil, decateime, por un antigo compañeiro daqueles tempos, de que, pouco despois de desembarcar e regresar eu a España, o meu amigo hondureño fíxerase a mesma tatuaxe. A verdade é que temos un escudo no concello que é tan bonito e orixinal que calquera pode desexar telo grabado na súa pel. Estou seguro de que o meu amigo o loce con orgullo e moito cariño, ao igual que eu”.

Información sobre a sección...

Cada mes contamos a historia de alguén de Vedra que vive, estuda, traballa, fóra do noso territorio. Cántanos a túa experiencia ou a de alguén que coñezas... para así coñecer e difundir máis experiencias de vedreses e vedresas polo mundo. Escríbenos a cultura@concellodevedra.gal ou envía un whatsapp ao 663 893 398.



CENTRO DE EMPRENDIMENTO A ESTACIÓN

Programación abril!

1º ENCONTRO DO CICLO EMPRESAS CON HISTORIA.

- **Data:** martes 7 de abril ás 20:00 h.
- **Lugar:** A destilería (en Merín).

Cada mes o Centro “A Estación” de Vedra dará a coñecer un espazo de emprendemento e boas prácticas que se desenvolven no noso concello.

A primeira cita será coa Destilería Pepe Albela. Será unha boa ocasión para ver “in situ” como desenvolve o seu traballo e como está a converterse nun referente dos destilados en toda Galicia.

Inscricións no enderezo electrónico aestacion@concellodevedra.gal

ATA O 5 DE ABRIL OU ATA COMPLETAR AFORO.

**CICLO:
EMPRESAS
CON HISTORIA**

Ven a coñecer un dos proxectos de emprendemento máis senlleiros do concello de Vedra da man do seu creador

07 DE ABRIL

ÁS 20 NA DESTILERÍA A (L.G. A IGREXA, MERÍN)

As prazas son limitadas. Pregamos que vos inscribades no correo aestacion@concellodevedra.gal

REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS DE TRABAJO A ESTACIÓN CENTRO DE EMPRENDIMENTO | Deputación DA CORUÑA PEL Plan de Emprego Local | Concello de Vedra

XORNADA “CUMPRE A TÚA WEB COA LEXISLACIÓN VIXENTE?”

- **Data:** martes 14 de abril ás 20 horas no Centro de Emprendemento a Estación.

Nesta ocasión fárase unha análise das principais obrigas que toda páxina web debe cumprir e como evitar

posibles sancións ou riscos. A entrada é de balde e aberta ao público en xeral sen reserva previa.

O 90% das páxinas web incumpren obrigas legais. Aprende como evitar sancións e riscos normativos

CUMPRE A TÚA WEB COA LEXISLACIÓN APLICABLE?

Veremos as principais normas (Protección de Datos, cookies, LSSI...) que deben respectar todas as páxinas webs e poderás analizar con IA a situación da túa.

14 de abril de 2026 ás 20:00
No Centro de Emprendemento A Estación
Santa Cruz de Ribadulla
Inscripcións:
aestacion@concellodevedra.gal

REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS DE TRABAJO A ESTACIÓN CENTRO DE EMPRENDIMENTO | Deputación DA CORUÑA PEL Plan de Emprego Local | Concello de Vedra

XORNADA SOBRE GOOGLE

- **Data:** martes 28 de abril ás 20 horas no Centro de Emprendemento a Estación.

Google ofrece moitas ferramentas gratuítas que nos axudan a comprender e mellorar a posición da nosa páxina web. Unha das máis potentes, sinxelas e prácticas e Search Console. Nesta xornada aprendemos as súas características e funcionalidades principais.

Esta xornada será totalmente práctica!

A entrada é de balde e aberta ao público en xeral sen reserva previa.

Aprenderemos a instalar, utilizar e comprender a ferramenta gratuita Google Search Console.

Google
Search Console

O que Google sabe do teu sitio web (e ti non)

28 de abril de 2026 ás 20:00
No Centro Emprendemento A Estación
Santa Cruz de Ribadulla

Inscripcións:
aestacion@concellodevedra.gal

REDE PROVINCIAL DE ESPAZOS DE TRABAJO A ESTACIÓN CENTRO DE EMPRENDIMENTO | Deputación DA CORUÑA PEL Plan de Emprego Local | Concello de Vedra



ETAPA DE SENDEIRISMO DE RARÍS A SANTIAGO DE COMPOSTELA O SÁBADO 18 DE ABRIL

■ Olo!! O autobús sairá de Santiago de Compostela ás 9:00 h. e non haberá servizo de bus para o regreso!!

O único punto de recollida do autobús será a parada de bus de diante do Hipercor e o regreso correrá por conta de cada participante no horario que mellor lle pareza.

Infórmate sobre esta actividade antes do 15 de abril no teléfono 981 814 691.



XXXI XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

XV BTT CICLOTURISTA DA CAMELIA O DOMINGO 3 DE MAIO CO CLUB RIBADOULLA

■ A XV BTT Cicloturista da Camelia polo Val do Ulla, coordinada e coorganizada polo Club Ribadoulla era a encargada de inaugurar as Xornadas da Camelia 2026, pero as malísimas condicións meteorolóxicas encargáronse de impedirlo.

Agora este evento será o encargado de clausurar as xornadas, farao coa mesma proba, a mesma intensidade e a mesma ilusión que a prevista para febreiro.

Inscripcións online abertas ata o 27 de abril ou ata cubrir prazas na páxina www.galitimng.com



Medio Ambiente



LOITA CONTRA A VELUTINA

INFORMACIÓN SOBRE CONTROL DA VESPA VELUTINA

“AVESPA ASIÁTICA”



TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.



QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.



Se atopas un niño de velutina chama ao 012

ELABORACIÓN DE ATRAINTES

TIPO 1

1/2 litro de auga tépida + 200 gr. de azucre + 5 gr. de fermento de panadería

Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2

180 ml (1/2 lata) de cervexa negra + 180 ml de zume de arandos + 80 ml vermú de viño branco (a elixir)

1 pinga de deterxente + 1 cullerada de vinagre

Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

PREINSCRICIÓNS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2026

■ Co obxectivo de facilitarlle á rapazada a participación en actividades socioeducativas, deportivas e de tempo libre, o Concello de Vedra oferta as prazas para os Campamento de Verán 2026 en colaboración co Concello de Boqueixón.

Minicampamento de aventura (Albergue Alvarella)

- **Datas:** do 23 ao 26 de xuño (4 días, 3 noites)
- **Destinatarios/as nados/as:** 2015, 2016 e 2017
- **Prezo:** 160 €

Campamento de mar

- **Datas:** do 22 ao 29 de xuño (8 días, 7 noites)
- **Destinatarios/as nados/as:** 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015
- **Prezo:** 250 €

PREINSCRICIÓNS do 14 ao 24 de abril a través da web www.concellodevedra.gal



NOTA:

Para a formalización da inscrición teranse en conta os seguintes criterios de admisión por orde de prioridades:

- 1º Participantes empadroados/as en Vedra (mínimo de 3 meses de antigüidade)
- 2º Pai, nai, titor, titora empadroados/as en Vedra (mínimo de 3 meses de antigüidade).
- 3º Participantes escolarizados/as nun centro educativo do concello.
- 4º Nenos e nenas que non reúnan ningún dos anteriores requisitos.

Servizos Sociais

LUDOTECA ABRIL 2026

■ O xogo é fundamental para o desenvolvemento integral na infancia, actuando como motor de aprendizaxe, creatividade e saúde mental. Permite aos nenos e nenas mellorar habilidades cognitivas, físicas e socioemocionais, reducindo a tensión e fomentando a resolución de problemas, a resiliencia e a intelixencia emocional.

Partindo desta premisa o mes de abril ven cargado de actividades onde a maior parte delas estarán



Celebración do Día da Poesía na Ludoteca.

centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaremoslles @s nen@s, a ser persoas cunha mirada crítica, Comezamos un novo proxecto para coñecer e comprender o noso entorno máis próximo, o lugar onde vivimos, que recursos e cantas cousas podemos facer!!

Con esta intención, prantexamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Xogando en valores: Contacontos
- Expresión corporal, xogos de mímica
- "Palabras máxicas"
- "Taller arte colaborativo"
- Superchef
- "Medrando xuntos" carreira de legos
- Casino de xogos





ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**

Mércores 15 de abril.

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 6 de abril ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ **Bingo**

Xoves 23 de abril ás 20:00 h.

■ **Festival das Letras Galegas**

Sábado 2 de maio ás 19:00 h.

Coa participación das corais:

- Coral Municipal Brisas do Mar de Camariñas.
- Coral Abraira (Rianxo).
- Coral da Terceira Idade de Vedra.

■ **XXXIII Romaría da Terceira Idade de Vedra**

Sábado 16 de maio ás 12:30 h. no entorno do Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra.

Programa: Misa, actuación musical de Marietta e xantar de confraternidade. Menú tradicional: empanada, pulpo, carne ó caldeiro, postre, bebidas...

Poderán asistir todas as persoas que poidan valerse por si mesmas que estean empadroadas no Concello e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

O cónxuxe do/a pensionista pode participar aínda que non reúna o requisito de idade, sempre que veña acompañado/a polo/a pensionista.

Para asistir á romaría é preciso retirar un ticket que ten un custe de 20 €/participante. Para a retirada de tickets deben dirixirse ao Centro Social, de luns a venres, de 17:00 a 21:00 h. O prazo estará aberto do 27 de abril ao 13 de maio.



■ **CAMIÑOS DO COÑECEMENTO E EXPERIENCIA. PROXECTO DE DEMOCRATIZACIÓN DO COÑECEMENTO. FORMACIÓN UNIVERSITARIA PARA OS MAIORES DE 50 ANOS.**

17/04/2026 16:30-18:00 h.

Participación social e comunitaria, para que?

Don Ivan García, Profesor colaborador do Programa Universitario de Maiores da USC

20/04/2026 16:30-18:00 h.

O Museo: historia, patrimonio e comunidade

Dona Mónica Rey Cabezudo (Colaboradora do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO) e Dona Dolores Barral Ribadulla, Profesora da Facultade

de Xeografía e Historia e docente do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO

21/04/2026 16:30-18:00 h.

O Museo: historia, patrimonio e comunidade

Dona Mónica Rey Cabezudo (Colaboradora do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO) e Dona Dolores Barral Ribadulla, Profesora da Facultade de Xeografía e Historia e docente do Programa Universitario de Maiores, IV CICLO

22/04/2026 16:30-18:00 h.

Participación social e comunitaria, para que?

Don Ivan García, Profesor colaborador do Programa Universitario de Maiores da USC

23/04/2026 16:30-18:00 h.

Despilfarro alimentario e pegada ambiental dos alimentos

D. Gumersindo Feijoo Costa, Catedrático de Enxeñería e profesor do Programa Universitario para Maiores, IV CICLO

24/04/2026 16:30-18:00h

Despilfarro alimentario e pegada ambiental dos alimentos

D. Gumersindo Feijoo Costa, Catedrático de Enxeñería e profesor do Programa Universitario para Maiores, IV CICLO

Para máis información e inscricións: 981814695 Departamento de Servizos Sociais (en horario de mañá) ou na Cafetería do Centro Social (en horario de tarde).

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693

NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.



ASÍ FOI... VEDRA É MULLER

■ Vedra conmemorou o Día Internacional da Muller, 8 marzo, cunha completa e variada programación que repasamos:

Plantación dunha Camelia conmemorativa na contorna do Campo da Festa de San Mamede na honra da homenaxeda deste ano Dona Lidia Maceira Brea.



Acto de recoñecemento VEDRA É MULLER que este ano, como xa dixemos, foi dedicado a **LIDIA MACEIRA BREA**, primeira funcionaria na administración local do concello de Vedra. O evento, que tivo lugar no Centro Sociocultural de Vedra, foi un merecido recoñecemento á muller que abriu camiño a outras nun mundo ata daquela prohibido á muller.



IV Andaina no camiño da Igualdade polo 8 de marzo.

Unha iniciativa que unha vez máis sumou os esforzos dos concellos de Boqueixón, Touro e Vedra nunha xornada de concienciación para seguir traballando por e para a igualdade da muller.



De Interese

VOLVEN AS XUNTANZAS CO ALCALDE POLAS 12 PARROQUIAS

■ Regresa este espazo no que o noso alcalde propón xuntarse coa veciñanza en cada unha das doce parroquias de Vedra para tratar temas de interese xeral e

para dar respostas a todas as cuestións plantexadas. **Entre outras cuestións falarase de posibles modificacións do PXOM.** Esta é a axenda:

DATA	LUGAR	HORARIO
Martes, 21 de abril	Local Social de Illobre	Ás 20:30 horas
Xoves 30, de abril	Local Social de San Fins	Ás 20:30 horas
Luns, 4 de maio	Multiusos de Trobe	Ás 20:30 horas
Martes, 12 de maio	Local Social de San Xíán	Ás 20:30 horas
Martes, 19 de maio	Multiusos de San Mamede	Ás 20:30 horas
Xoves, 21 de maio	Centro Sociocultural de Vedra	Ás 20:30 horas
Xoves, 28 de maio	Local Social de Ponte Ulla	Ás 20:30 horas
Martes, 2 de xuño	Local San Pedro de Sarandón	Ás 20:30 horas
Xoves, 4 de xuño	Local Social de Merín	Ás 20:30 horas
Martes, 9 de xuño	Casa da Cultura de San Miguel	Ás 20:30 horas
Martes, 16 de xuño	Casa da Cultura de Santa Cruz	Ás 20:30 horas
Martes, 2 de xullo	Local Social de Vilanova	Ás 20:30 horas



ACTIVIDADES ARREDOR DA XLIV Exaltación do Viño da Ulla – 2026. Organizadas pola Comisión de Festexos da Festa do Viño 2026 de San Miguel de Sarandón



XORNADAS TÉCNICAS SOBRE ACULTURADOVIÑO

XLIV EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA - 2026
Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón - Vedra

Mércores 8 de abril ás 20:00 h.:

Conferencia:
"Oportunidades de aplicación da dixitalización e automatización na viticultura e adegas da Ribeira do Ulla"
Intervén: **Miguel Tubío Fernández**
Director Técnico do Grupo Martin Códax

Xoves 9 de abril ás 17:00 h.:

Saída de campo: Visita á adega Pazo de Rubianes. Coñecemento do seu proxecto vitivinícola e enoturístico (Adega "Boutique").

Venres 10 de abril ás 20:00 h.:

Harmonía: viño e tapas
Cata sorpresa, con maridaxe de viños e conservas de pescados e mariscos de ANFACO-CYTMA.
Intervén: **Nacho Costoya** (Sumiller)
Acto de clausura e entrega de diplomas ás persoas asistentes.

Xornadas gratuítas
Coa inscrición deberá realizarse un depósito de 5€ que será devolto a quen asista ás tres xornadas.

Máis información e inscricións: festadovinodaulla.com - concellodevedra.gal - 981 814 691 - 619 309 958 - Prazas limitadas



IVRUTAMOTEIRA

POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

SÁBADO 11 ABRIL 2026

Punto de encontro:
Campo da Festa de San Miguel de Sarandón Vedra ás 16:00 h.
Visita a unha adega cata - degustación
Inscrición previa 10€/persoa
Prazas limitadas



Máis información e inscricións: 659 220 456 - 670 445 955



IVRUTADE COCHES ANTIGOS

POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

DOMINGO 12 ABRIL 2026

Punto de encontro:
Campo da Festa de San Miguel de Sarandón Vedra ás 11:00 h.
Inscrición previa 40€/persoa, que inclúe:
-Cataviños conmemorativo
-Visita a dúas adegas con cata-degustación
-Comida en recinto pechado no campo da festa
Prazas limitadas
Inscricións en www.festadovinodaulla.com
Información no 659 617 631 por WhatsApp



Máis información e inscricións: www.festadovinodaulla.com - concellodevedra.gal - 981 814 691 - 619 309 958 - Prazas limitadas





XLIV EXALTACIÓN DOVIÑODA ULLA

CASA DA CULTURA DE SAN MIGUEL DE SARANDÓN



CATAS COMENTADAS

SÁBADO 11 DE ABRIL 2026

Dirixidas polas adegas participantes, coa intervención de **Charly Torres** (Docente do CIFP Compostela, da especialidade de servizos á restauración)

18:00H.				
MAR DE ENVERO	GÓMEZ E RIAL	MARECASTE	CHOUZAL	
19:00H.				
CASA DO SOL	ADEGA VALDÉS	BARALLOBRE	ADEGA CHAOS	LIXELES
20:15H.				
ADEGA MARÍA MANUELA	CASTRO BREY	LAGAR DE BENDAÑA	PAZO ARRETÉN	

TÚNEL DO VIÑO

DOMINGO 12 DE ABRIL 2026

DE 11:30 A 13:00H.

Coa participación de:
ADEGA MARÍA MANUELA - CASTRO BREY - LAGAR DE BENDAÑA - PAZO ARRETÉN - CASA DO SOL - CHOUZAL - ADEGA VALDÉS - BARALLOBRE - ADEGA CHAOS - LIXELES - MAR DE ENVERO - GÓMEZ E RIAL - MARECASTE

Máis información e inscricións: www.festadovinodaulla.com - 981 814 691 - Prazas limitadas - Actividade gratuítas

ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA 70 anos da Canción Galega O SÁBADO 25 DE ABRIL

A Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla presenta:

70 anos da CANCELACIÓN GALEGA

25 abril - 19:30 h
Pazo de Ortigueira



Ven a gozar dun concerto colaborativo entre a banda xuvenil da Escola de Música e o coro de nais, pais e netos do CEIP Ortigueira para celebrar sete décadas de canción galega.

Repertorio:

01. Malos tempos para la lirica
02. Minha Terra Galega
03. Galiza Camibol
04. Cheo de Vida
05. Levarelem
06. Santiago
07. O Tren
08. A Santiago Voz
09. Ai ven o Maio
10. Soy una Pomba

ASOCIACIÓN DA TERCEIRA IDADE “O BURGO”

■ Programación de actividades para abril:

BAILE EN LIÑA: Todos os mércores, de 17:00 a 18:00 h, na Casa de Cruza.

EXCURSIÓN A VILALBA o sábado 11 de abril.

XANTAR E BAILE NO HOTEL CONGRESO o domingo 19 de abril.

Información e inscricións no teléfono 639 811 666.



VEDRA - BOQUEIXÓN ESCOLA DEPORTIVA BASKET RIBADULLA

■ Co obxectivo de crear categorías inferiores de baloncesto de cara a vindeiras tempadas, propónse unha sesión semanal de adestramento gratuíta para as persoas de entre os 8 e os 15 anos os venres de 18:00 a 19:00 horas no pavillón municipal no que queda de curso escolar.

As persoas interesadas poden poñerse en contacto no teléfono 981 814 691.



E EN MAIO... MARCO

■ Os días 8, 9 e 10 de maio volve o Festival MARCO; unha iniciativa que trata de achegar a arquitectura á xente, e que acolle diferentes actividades como: rutas arquitectónicas, charlas, obradoiros, concertos, actividades para a cativada...

A temática desta edición estará centrada na cultura ETNO-POP (arquitectura etnografía e popular).

Máis información sobre o programa en:

- Instagram: @festival_m.a.r.c.o.
- Facebook: festival--marco



Parabéns

Á REQUINTA DA LAXEIRA

■ Por regalarnos 22 anos de posta en valor e traballo pola nosa música e a nosa cultura, sempre baixo o paraugas da Asociación Cultural San Campio. Segundo as súas propias palabras fan un alto no camiño para reformularse, pero prometen volver para dar o nivel que sempre deron. Así que esta non é unha despedida definitiva... Polo que felicitamos á formación pois parar para tomar impulso é todo un exercicio de responsabilidade e outro exemplo máis do seu bo facer.



Parabéns

Á FAMILIA MOSQUEIRO

■ Por celebrar en comunidade e coa comunidade a súa xubilación dun xeito tan xeneroso, emotivo e real. Máis dunha vida adicadas á taberna tiñan que ter unha despedida á altura das circunstancias e ninguén mellor que a familia Mosqueiro para facelo! Agora a gozar do merecido descanso!! Felicidades!!



A CRISTINA CORRAL

■ Pola súa exposición "Las Chicas de Eli" na Sala de Ámbito Cultural do Corte Inglés, un exemplo de como acadar os teus propósitos de xeito autodidacta e co afán por aprender como máxima.



Vedra Festeira

XLIV EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN, 11 E 12 DE ABRIL

XLIV EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA
11 E 12 ABRIL 2026
SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA

SÁBADO 11 DE ABRIL		Viño Son: 22:00 h. - 12:30 h.
Pazo Vista Alegre (Ponte Ulla) 12:00 h.	GIN TONI'S DJ KIKE VARELA	CONCERTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA 13:15 h.
VIII CATA CONCURSO DOS VIÑOS RIAS BAIXAS - ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA Aberta ao público 16:00 h.	Sesión remember con DJ GORO e DISCO MOVIL CHOCOLATE	Saúda do Alcalde do Concello de Vedra
RUTA MOTEIRA POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA (Motoclub Val do Ulla) 18:00-21:15 h.	DOMINGO 12 DE ABRIL	PREGÓN a cargo de José Manuel Merelles Remy, Director da Axencia de Turismo de Galicia
CASA DA CULTURA 18:00-21:15 h.	11:00 h.	Nomeamento dos novos membros da "Orde dos Amigos/as do Viño da Ulla"
CATAS COMENTADAS	11:30-13:00 h.	Entrega de premios da VIII Cata concurso dos viños Rias Baixas-Albariño da Ribeira do Ulla 14:30 h.
Campo da Festa de San Miguel de Sarandón 18:00 h.	TÚNEL DO VIÑO	THE MUPPETS (Rock Covers) 16:00 h.
Apertura da MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RIAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA	Campo da Festa de San Miguel de Sarandón 12:00 h.	RONDALLA A.C. DE PONTELLAS 17:30 h.
Apertura da MOSTRA DOS CONCELLOS DA RIBEIRA DO ULLA 19:00-22:00 h.	Apertura da MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RIAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA	Sesión tardeo DISCO MOVIL CHOCOLATE
HARMONÍA: VIÑO-TAPAS (Degustación de produtos gastronómicos dos concellos da Ribeira do Ulla)	Apertura da MOSTRA DOS CONCELLOS DA RIBEIRA DO ULLA 12:30-14:30 h.	Viño Son: 19:00 h.
Viño Tradicional: Música e baile 19:00 h.	HARMONÍA: VIÑO-TAPAS (Degustación de produtos gastronómicos dos concellos da Ribeira do Ulla)	ORQUESTRA PANORAMA
A.C. San Campio (Vedra) A.C. Rosalía de Castro (Teo) Escolas de Tequexeteldere (A Estrada) Pandeireteiras Silandeira (Vedra) Grupo de baile moderno da A.C. San Campio (Vedra)		

PULPEIROS • ATRACCIÓNS INFANTÍS • AMPLOS APARCADOIROS
www.festadovinodoulla.com

FESTA DO SAN ANTONIO EN SAN PEDRO DE VILANOVA O 12 DE ABRIL

SAN ANTONIO '2026

12 DE ABRIL

MISA SOLEMNE ÁS 13 HORAS
SESIÓN VERMÚ EN PICÓN CO
DÚO IBIZA

ORGANIZA:
A COMISIÓN DE FESTAS FONTE DO ÁPOSTOL

COLABORA:

EN MAIO... O 2 E 3 DE MAIO FESTAS EN SAN CRISTOVO DE MERÍN

SAN CRISTÓBAL DE MERÍN 2026

San Antonio e San Pedro Mártir

2 MAIO
SÁBADO

Misa solemne ás 13:00 h.
SESIÓN VERMUT COA ORQUESTRA CHANNEL
POLA NOITE GRAN VERBENA COA ORQUESTRA
FACENDO A SÚA PRESENTACIÓN DA TEMPORADA 2026
E CON **JOSÉ MANUEL ABANICO**

3 MAIO
DOMINGO

Misa ás 11:30 h. e Solemne ás 13:00 h.
SESIÓN VERMUT COA BANDA DE MÚSICA DE STA. CRUZ DE RIBADULLA e o **GRUPO DE PANDEREITEIRAS "SILANDEIRA"**
TEREMOS SERVICIO DE PULPERÍA

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS